



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL SOBRE INTERVENCIÓN QUE AFECTA A UN BEN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

EXPEDIENTE: 1259/21

PROMOTOR: Concello de Cee

INTERVENCIÓN: Aforro e eficiencia enerxética nos lugares de Bermún, Igrexa e outros.

CONCELLO: CEE

ANTECEDENTES

1. Este expediente iniciouse coa solicitude de autorización remitida e promovida polo Concello, que tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia o día 22.04.2021 (entrada 20986 / RX 933642). As obras viñan definidas no proxecto: "Proxecto de aforro e eficiencia enerxética lugares de Bermún, Igrexa e outros", redactado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo Rojo Losada en marzo de 2021. Consta no expediente informe municipal, asinado dixitalmente sen data. A D.X. de Patrimonio Cultural resolveu, con data 29.06.2021, "non autorizar a intervención solicitada segundo o proxecto presentado, debendo presentar proxecto corrixido, conforme aos termos sinalados no informe dos servizos técnicos" (informe que se transcribe na resolución). Con data 06.10.2021, entrada 2021 / 2357583, o Concello remite unha copia do proxecto que mantén o título do proxecto inicial pero que ven datada en outubro de 2021. O proxecto está asignado dixitalmente polo enxeñeiro técnico industrial Pablo Rojo Losada o 06.10.2021.
2. Consta no expediente informe da arquitecta do Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade na Coruña no que se sinala que:

"[...] O proxecto achegado corrixe e completa o proxecto anterior. Nel destacaremos os seguintes aspectos:

- *A instalación eléctrica no contorno de protección da Igrexa, casa reitoral e cruceiro en San Xián de Pereiriña será soterrada. O proxecto contempla tras o soterramento da liña repoñer o pavimento actual dos camiños. A pesar de que o asfalto como material de acabado dun pavimento situado nun rueiro ou núcleo rural no que se encravan bens do patrimonio cultural, e distintas construcións tradicionais e muros de pedra non resulta axeitado; a reposición do pavimento actual resulta admisible neste caso, porque se trata dunha actuación puntual, limitada ao ancho necesario para a canalización da infraestrutura.*
- *Instálanse dous proxectores a carón da igrexa; substitúese a luminaria viaria acaroadada á fachada principal da igrexa, mantendo esta posición; executase unha canalización soterrada no atrio da igrexa e instálanse luminarias ornamentais no cemiterio. Estas intervencións en inmobles propiedade da Igrexa Católica non se valoran neste informe.*
- *Instalase unha luminaria viaria a carón do punto no que o Plan Básico Autonómico sitúa unha Mámoa (ficha 1 do PXOM). Esta intervención, que afecta a un ben arqueolóxico, non se valora neste informe.*
- *Substitúese unha luminaria viaria fronte ao Muíño en Cantorna.*





Esta actuación non ten repercusións negativas sobre os bens, polo que, dende o punto de vista dos bens da arquitectura civil e etnográficos se informa favorablemente condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- 1. Si da execución da canalización soterrada resultase conveniente intervir en todo o ancho das calzadas dos camiños que atravesan o núcleo e bordean o atrio da igrexa de Bermún (debido a estreiteza da vía ou do seu estado de conservación, por exemplo), deberá optarse, ou ben por pavimentos de materiais naturais utilizados tradicionalmente (pavimentos de pedra, pavimentos de terra...) ou ben por outro tipo de pavimentos que poidan achegar un bo envellecemento natural como pode ser o formigón na súa cor natural ou, preferiblemente, na cor que resulte de deixar á vista os cantos rodados da capa superficial dun formigón lavado.*
 - 2. Desprazarase a posición da luminaria que se sitúa fronte a casa reitoral de San Xián de Pereiriña, de xeito que a fachada poda visualizarse sen ningún elemento engadido”.*
3. Consta no expediente informe da xefa de Sección de Arqueoloxía do Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade na Coruña no que se sinala que:

“[...] O proxecto corrixido pretende dar resposta ao requirido na resolución do 29.06.2021, e describe as seguintes intervencións:

- A instalación eléctrica no contorno de protección da Igrexa, casa reitoral e cruceiro en San Xián de Pereiriña será soterrada. O proxecto contempla tras o soterramento da liña repoñer o pavimento actual dos camiños.*
- Instálanse dous proxectores a carón da igrexa, substitúese a luminaria viaria acaroadá á fachada principal da igrexa pero mantendo esta posición e instálanse luminarias ornamentais no cemiterio, polo que executarase unha canalización soterrada no adro da igrexa. Estas actuacións sitúanse sobre bens propiedade da Igrexa Católica polo que deberán ser informados polo órgano competente.*
- Instalase unha luminaria viaria próxima ao punto no que o Plan Básico Autonómico sitúa unha Mámoa, na beira contraria da pista a onde se identifica o ben.*

Á vista do exposto, favorablemente a intervención, coas seguintes condicións:

- 1. Presentarase un proxecto de control arqueolóxico para os traballos no contorno de protección do conxunto parroquial e nas actuacións a realizar na zona onde o PB sitúa o elemento Mámoa “posible correspondencia có ID 3920/Mámoa 2 de Bermún”, comprobando neste caso a existencia ou non do xacemento ou se fora unha duplicidade do situado ao norte. A liña e luminaria sitúase, en principio na beira contraria á mámoa, polo que non a afectaría.*
- 2. Deberá ser o arqueólogo/a quen verifique o indicado anteriormente.*
- 3. A substitución de luminarias e brazos existentes sempre que non estean situados sobre elementos do patrimonio cultural.*
- 4. Deberán retirarse os puntos de luz e amarres de liñas e demais elementos existentes actualmente ancorados a bens protexidos.*
- 5. Para calquera outra actuación que non se axuste a estes criterios deberá presentar documentación complementaria que xustifique e detalle a actuación proposta, para a súa autorización.*
- 6. As actuacións nos contornos e sobre bens propiedade da Igrexa católica deberán ser remitidos ao órgano competente para a súa autorización”.*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- As obras que se pretende executar están situadas no contorno de protección dos seguintes bens que figura no catálogo das Normas Subsidiarias de Planeamento e/ou Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia:
 - Nº 5, Igrexa, casa reitoral e cruceiro en San Xián de Pereiriña





- Nº 8 GA15023006, Mámoa de Bermún 2 - moa en Pereiriña
- Nº 9 GA15023005, Mámoa de Bermún 1 - Mámoa das Pedras Negras
- ID_PBA 56713, Muíño en Cantorna
- Ficha 1, Mámoa

Na aldea de Bermún existe tamén varios hórreo na contorna do conxunto parroquial, que semellan ter ser construído con anterioridade a 1901.

Os cruceiros e hórreos executados con anterioridade a 1901, de conformidade co artigo 92 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, teñen a consideración de bens de interese cultural; os de menor antigüidade recollidos individualmente nun instrumento de planeamento urbanístico, en atención ao disposto nos artigos 8 e 30 da lei, teñen a consideración de bens catalogados. Por esta última consideración o resto de bens son bens catalogados.

2. Ao situarse a intervención no contorno de protección de bens do patrimonio cultural de Galicia, segundo o artigo 39 e conforme co 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, precisa de autorización previa da consellería con competencias en patrimonio cultural.
3. É de aplicación na tramitación e resolución do presente expediente o disposto nas seguintes disposicións normativas:
 - Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
 - Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
 - Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
 - Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
 - Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
 - Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
 - Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Decreto 93/2017, do 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
 - Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.
 - As demais normas de aplicación, en particular a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana, en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.

De acordo con todo o indicado e no exercicio da competencia que me atribúe a Resolución do 2 de decembro de 2020, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se delega nos titulares dos servizos de Coordinación Cultural das xefaturas territoriais desta consellería o exercicio de determinadas competencias (DOG núm. 253 do 17 de decembro); o Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; o Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

RESOLVO

Autorizar a instalación eléctrica no contorno de protección da igrexa, casa reitoral e cruceiro en San Xián de Pereiriña; a instalación da luminaria viaria próxima ao punto no que o Plan Básico Autonómico sitúa unha Mámoa (ficha 1 do PXOM) e a substitución de luminaria viaria fronte ao Muíño de Cantorna, coas condicións sinaladas nos informes da arquitecta e da xefa de Sección de Arqueoloxía do Servizo de Patrimonio Cultural.





As seguintes intervencións sobre bens propiedade da Igrexa Católica: 1. Instalación de dous proxectores a carón da igrexa; 2. Substitución da luminaria viaria acaroada á fachada principal da igrexa; 3. Canalización soterrada no atrio da igrexa e 4. Instalacións de luminarias ornamentais no cemiterio, remítense á Subcomisión de Conservación do Patrimonio Histórico, Artístico e Documental da Igrexa Católica en Galicia, para o seu informe e posterior resolución pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural por ser da súa competencia.

Esta autorización, para obras no contorno de protección da igrexa, reitoral e cruceiro en San Xián de Pereiriña e nos contornos de protección da Mámoa (ficha 1 do PXOM) e do Muíño de Cantorna, non exime das autorizacións sectoriais oportunas e do cumprimento das ordenanzas municipais.

A Coruña, asinado electronicamente polo xefe do Servizo de Coordinación Cultural.

Severino Álvarez Monteserín

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o Secretario Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e co artigo 26.3.c da Lei 16//2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

